

Plan

de

Ensino

Virtual

**CEP SEQUELO**

**CURSO 2020-2021**

# Índice

- 1. Introducción**
- 2. Docencia virtual**
- 3. Peche dunha aula ou do centro**
- 4. Planificación horaria en cuarentena parcial do centro. Horarios espello**
- 5. Seguimento do ensino non presencial**
- 6. Información e Formación**
- 7. Distribución de medios informáticos**
- 8. Normas de convivencia para a actividade lectiva a distancia (NOF)**

## 1. Introducción

Coa finalidade de garantir o dereito á educación do alumnado que debe permanecer confinado pola Covid como consecuencia de peche de aulas ou do centro, incorporárase ao Plan de Continxencia as medidas contidas no Anexo I da seguinte resolución: Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021. O “Plan de Continxencia” do centro ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nunha aula, etapa educativa ou centro. Ademais o “Plan de Continxencia” do centro debe establecer as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial a través dunha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflicta o establecido no modo presencial, de xeito que se manteña o vínculo co alumnado tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19. Non obstante, este plan será obxecto de revisión e adaptación continua atendendo á evolución da pandemia, co fin de garantir a súa adecuación ás obrigas ou recomendacións sanitarias existentes en cada momento.

## 2. Docencia virtual

O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación ás familias a través da aplicación Abalar anunciando o peche e o inicio da actividade non presencial.

Durante o peche ou confinamento, de acordo coas indicacións sanitarias, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no centro ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das seguintes ferramentas: aula virtual, Edixgal, Webex, Blog, correo electrónico, etc.

A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

Para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas. Esta proposta faráselle chegar virtualmente á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao devandito equipo.

Garantirase en todo momento a atención á diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares.

Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (equipos de nivel ou profesorado de grupo de niveis próximos) co apoio da persoa Coordinadora TIC /E-Dixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do ou da docente. Poderá contarse, para estelabor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.

### **3. Peche dunha aula ou do centro**

Cando se produza o peche dunha aula ou do centro educativo empregaranse os horarios espello. Este horario de docencia a distancia, é de obrigado cumprimento para o alumnado e profesorado, e de referencia para as familias. Será similar ao ensino presencial.

Respectarase a carga lectiva de cada materia e distribuirase de tal forma que un mínimo do 60% se centre na docencia virtual e o 40% se destine á realización de tarefas e actividades. Respectaranse os tempos de descanso do alumnado.

En 1º e 2º de Educación Primaria poderán empregar outros medios alternativos á aula virtua. Poderanse empregar videoconferencias por Webex, blogs, correos electrónicos, e dentro do posible a aula virtual.

Establecerase unha sesión de tutoría para a atención ás familias.

O alumnado está obrigado a participar nas clases non presenciais seguindo ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de confinamento (NOF).

### **4. Planificación horaria en cuarentena parcial do centro. Horarios espello**

No suposto de grupos con clases online + grupos con clases presenciais.

#### **En 1º e 2º de educación primaria:**

- Mantéñense os horarios cos especialistas, facendo unha comunicación semanal con eles/as.
- Realizaríase unha comunicación diaria co titor/a no horario que estableza.

Para facilitar ao alumnado o acceso ás salas, empregarán sempre o número de sala do titor independentemente da materia que teñan no horario (Excepto nos grupos que á mesma hora teñan R.Católica, R. Evanxélica e Valores que entrarán co número de sala do profesorado de relixión).

#### **3º e 4º de educación primaria:**

- Os horarios en caso de peche dunha aula serán exactamente os mesmos que os do ensino presencial.

- Cada sesión de 50 minutos dividiríase en 30 minutos de conexión co profesorado por videoconferencia webex ou falemos para a docencia virtual.
- Os 20 minutos restantes serían para traballo do alumnado (Actividades Aula Virtual, fichas, cuaderno...)

Para facilitar ao alumnado o acceso ás salas, empregarán sempre o número de sala do titor independentemente da materia que teñan no horario (Excepto nos grupos que á mesma hora teñan R.Católica, R. Evanxélica e Valores que entrarán co número de sala do profesorado de relixión).

### 5º e 6º de primaria:

- Os horarios en caso de peche dunha aula serán exactamente os mesmos que no ensino presencial.
- Cada sesión de 50 minutos dividiríase en 30 minutos de conexión co profesorado por videoconferencia webex ou falemos para a docencia virtual.
- Os 20 minutos restantes serían para traballo do alumnado (Actividades E-DIXGAL, fichas, cuaderno...) respectando así o cómputo global que nos piden 60% de docencia virtual + 40% de traballo do alumnado.

Para facilitar ao alumnado o acceso ás salas, empregarán sempre o número de sala do titor independentemente da materia que teñan no horario (Excepto nos grupos que á mesma hora teñan R.Católica, R. Evanxélica e Valores que entrarán co número de sala do profesorado de relixión). A titoría coas familias manteríase os martes de 17:00 a 18:00 horas.

## HORARIO DE ENSINO A DISTANCIA POR CURSOS

GRUPO	1º A	TITORA: Dona María Chamadoira Fortes			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50	LCL	LGL	LCL	LGL	LCL
09:50-10:40	EF	EA(MUS) <i>Docencia Virtual</i>	MAT	EF <i>Docencia Virtual</i>	MAT
10:40-11:30	MAT	MAT	EA	MAT	LGL
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-13:10	INGL <i>Docencia Virtual</i>	LCL	LGL	CS	INGL
13:10-14:00	CN	RC/RE/VAL <i>Docencia Virtual</i>	CS	CN	CS

GRUPO	1º B	TITORA: Dona Noemí Sampedro Fernández			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50	INGL	LGL	LCL	MAT	LGL
09:50-10:40	MAT	MAT	LCL	MAT	INGL <i>Docencia Virtual</i>
10:40-11:30	EF <i>Docencia Virtual</i>	CS	CS	LCL	MAT
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-13:10	LGL	LCL	EF	EA(MUS) <i>Docencia Virtual</i>	EA
13:10-14:00	CN	RC/RE/VAL <i>Docencia Virtual</i>	CN	LGL	CS

GRUPO	2º	TITOR: Don Ramón Pastoriza Fariña			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50	LGL	LCL	LGL	INGL	LCL
09:50-10:40	MAT	MAT	EA (MUS) <i>Docencia Virtual</i>	MAT	MAT
10:40-11:30	INGL <i>Docencia Virtual</i>	RC/RE/VAL <i>Docencia Virtual</i>	LCL	LCL	LGL
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-13:10	CN	CS	MAT	LGL	EF <i>Docencia Virtual</i>
13:10-14:00	CS	CN	EF	RC/RE/VAL	EA

GRUPO	3º	TITORA: Dona M <sup>a</sup> del Carmen Porto Porto			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	EF	CN	INGL	CN	CS
09:50-10:40 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	CS	MAT	CS	MAT	LCL
10:40-11:30 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	MAT	LCL	EA (MUS)	LCL	EF
11:30-12:00	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
12:00-13:10 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn. 20' Lectura	LCL	RC/RE/VAL	MAT	INGL	LGL
13:10-14:00 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	INGL	LGL	LGL	LGL	EA (PLAST)

GRUPO	4º	TITORA: Dona Andrea Rey Núñez			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	LGL	EF	LCL	MAT	CN
09:50-10:40 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	MAT	RC/VAL	MAT	CS	EF
10:40-11:30 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	EA (MUS)	LCL	LGL	INGL	MAT
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-13:10 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn. 20' Lectura	CS	LGL	INGL	LGL	LCL
13:10-14:00 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	LCL	CN	CS	EA	INGL



GRUPO	5º A	TITOR: Don Miguel Seoane Zapata			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	MAT	MAT	MAT	RC/VAL	MAT
09:50-10:40 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	LCL	INGL	LCL	MAT	INGL
10:40-11:30 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	LGL	EA (MUS)	EF	LCL	LGL
11:30-12:00	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO	RECRO
12:00-13:10 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn. 20' Lectura	EF	LCL	LGL	LGL	CS
13:10-14:00 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	EA (PLAST)	CS	CN	INGL	CN

GRUPO	5º B	TITORA: M <sup>a</sup> Jesús Fernández Saavedra			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	LCL	MAT	LCL	MAT	EF
09:50-10:40 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	MAT	LCL	EF	RC/RE/VAL	LCL
10:40-11:30 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	CN	INGL	MAT	CS	MAT
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00:13:10 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn. 20' Lectura	EA (MUS)	CS	CN	INGL	LGL
13:10-14:00 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	LGL	LGL	INGL	LGL	EA (PLAST)

GRUPO	6º A	TITORA: M <sup>a</sup> del Carmen Martínez Arranz			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	MAT	LCL	LGL	EF	MAT
09:50-10:40 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	MAT	LCL	INGL	LCL	MAT
10:40-11:30 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	INGL	CS	MAT	RC	EA (MUS)
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-13:10 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn. 20' Lectura	CN	CN	CS	LGL	INGL
13:10-14:00 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	LGL	EF	CN	CS	EA (PLAST)

GRUPO	6º B	TITOR: José Antonio Pazos Pazos			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	CS	CN	CS	CN	CS
09:50-10:40 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	LCL	LCL	LGL	MAT	EA (MUS)
10:40-11:30 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	LGL	LGL	INGL	VAL	INGL
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-13:10 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn. 20' Lectura	INGL	EF	CN	LCL	MAT
13:10-14:00 30' Docencia Virtual 20' Traballo Alumn.	MAT	MAT	MAT	EF	EA (PLAST)

ESPECIALIDADE	PT	PROFESORA: Dona Mónica Veiga Gómez			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50	1ºA	2º	1ºA	1ºB	6ºA
09:50-10:40	5ºA	6ºA	1ºB	2º	3º
10:40-11:30	3º	4º	4º	DO	5ºB
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-13:10	4º	5ºA	2º	1ºA	4º
13:10-14:00	6ºB	3º	6ºB	5ºB	1ºB

ESPECIALIDADE	AL	PROFESORA: Dona Laura Otero Medraño			
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00-09:50	1ºA / 2º			6ºB	
09:50-10:40	3º / 4º			5ºA	
10:40-11:30	5ºA			DO	
11:30-12:00	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
12:00-13:10	1ºB / 3º			4º / 2º	5ºB
13:10-14:00	4º			3º	1ºB / 1ºA

ESPECIALIDADE	ORIENTADOR	PROFESOR: <b>Don Xosé Manuel Vidal Bouzó</b>			
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>09:00-09:50</b>	Atención a familias e elaboración de informes	Atención a familias e elaboración de informes	Atención a familias e elaboración de informes	Atención a familias e elaboración de informes	Atención a familias e elaboración de informes
<b>09:50-10:40</b>	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual
<b>10:40-11:30</b>	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual
<b>11:30-12:00</b>	<b>RECROO</b>	<b>RECROO</b>	<b>RECROO</b>	<b>RECROO</b>	<b>RECROO</b>
<b>12:00-13:10</b>	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual
<b>13:10-14:00</b>	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual	Conexión online Coordinación alumnado neae Apoio a docentes Mantemento web e aula virtual

ESPECIALI DADE	ORIENTA DORA	PROFESORA: <b>Dona Ana Gloria Castillo Rodríguez</b>			
	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>09:00-09:50</b>	Atención a familias/ Elaboración de Informes	Atención a familias/ Reforzo de alumnado	Atención a familias/ Elaboración de informes	Atención a familias/ Reforzo de alumnado	Atención a familias/ Reforzo de alumnado
<b>09:50-10:40</b>	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesión	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións
<b>10:40-11:30</b>	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesión	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións
<b>11:30-12:00</b>	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO	RECREEO
<b>12:00-13:10</b>	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesión	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións
<b>13:10-14:00</b>	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesión	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións	Asesoramento e apoio ao profesorado titor nas súas sesións

## 5. Seguimento do ensino non presencial

O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá as materias( contidos, actividades, tarefas...) de xeito virtual.

O control de asistencia establecerase diariamente polo profesorado.

Ante unha falta de asistencia reiterada e non xustificada actuarase de acordo co Protocolo para a prevención e o control do absentismo.

O profesorado levará un rexistro diario da actividade telemática que será entregado semanalmente á Xefatura de estudos.

## **6. Información e Formación**

Desde o centro promoveranse actividades de información e formación para que o alumnado, o profesorado e as familias poidan utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación: aula virtual ,E-Dixgal, webex ,blogs.

Empregaranse os recursos formativos do CFR para a formación do profesorado no emprego de ferramentas dixitais(actualmente o profesorado está realizando formación en Aula Virtual a través dun PFPP). Tamén contamos co CFR para a formación das familias no emprego da Aula Virtual a través de información por videoconferencias e titoriais.

O profesorado experimentará no centro co alumnado o uso dos medios de comunicación telemática coa fin de adquirir as competencias necesarias no caso de ter que desenvolver o ensino a distancia.

## **7. Distribución de medios informáticos**

O mesmo día do peche o Equipo Directivo afrontará as necesidades de medios informáticos para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado cos seus propios recursos dentro das posibilidades do centro.

No caso de non dispoñer deles a dirección do centro trasladará con carácter de urxencia por correo electrónico á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. Inspección Educativa dará traslado destas necesidades aos Servizos Centrais para facilitar a súa entrega.

Os equipamentos entregaranse ao centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose de dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II no Portal Educativo.

Superada a situación de confinamento o centro, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos.

Cando fosen repartidos todos os equipamentos necesarios ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das mesmas.

Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 1º e 2º EP, dado que a súa atención non se basea preferentemente na aula virtual.

## **8. Normas de convivencia para a actividade lectiva a distancia (NOFC)**

1. Debemos asistir á clase virtual do mesmo xeito que á presencial.
2. As familias xustificarán a ausencia adecuadamente a través dos medios xa establecidos no centro.
3. Somos puntuais nas conexións.
4. Non interrompemos a clase.



5. Presentámonos adecuadamente: aseo,vestiario...
6. Temos as mesmas condutas que na aula habitual.
7. Colocámonos e sentamos correctamente nun lugar adecuado (luz, sen rúidos,...).
8. Ordenamos os materiais para a sesión antes de comezar a clase. Usamos para planificarnos o horario.
9. Temos activada a cámara e mantemos o micrófono apagado ata que no lo indique o profesor/
10. Mantemos unha postura correcta durante a conexión.
11. Evitamos distraernos durante a clase online.
12. escoitamos sempre con atención aos profesores/as e compañeiras/os.
13. Levantamos a man se queremos participar, amosamos respecto, paciencia e empatía. Respectamos as quendas.
14. Non comemos nin bebemos mentres estamos na clase virtual.
15. Evitamos mensaxes inapropiadas e xestos impropios.
16. Esforzámonos en realizar o traballo o mellor posible.
17. Empregamos o chat durante a conexión cando o indique o profesorado.
18. Faremos un bo uso dos recursos telemáticos. Evitaremos usar o tempo de conexión para utilizacións inadecuados do ordenador ou para acceder a páxinas/xogos non indicados.
19. Se non podemos conectarnos seguiremos as instrucións da aula virtual ou blog.
20. Realizaranse as tarefas e entregaranse para en tempo e forma.
21. Deberase revisar de maneira cotiá as actividades que se dispoñan na aula virtual ou no blog para a súa realización.
22. O alumnado manterá contacto periódico co profesorado a través dos medios establecidos.
23. Non se gravarán as secuencias, clases, exposicións, comentarios do alumnado... sen permiso e petición expresa ao profesorado.
24. Non se compartirán imaxes das clases virtuais en redes sociais.
25. Poderán gravarse polo profesorado algúns aspectos para avaliación de producións ou resultados.
26. Respectamos a privacidade de terceiras persoas.
27. Non se compartían contrasinais ou datos da aula virtual.

## **Consecuencias do incumprimento destas normas**

Rexistraranse todas as incidencias nas clases virtuais do e resolveranse primeiramente coa alumna ou alumno individualmente e de persistir, coa familia.

## **Faltas Leves**

- Desobedecer as instrucións do profesor/a que imparte a docencia.
- Manter o micrófono aberto durante a clase cando non ten que falar.
- Non revisar os contidos, tarefas, actividades... subidos á aula virtual.
- Non realizar as actividades en forma e tempo.
- Non ter presentes os materiais necesarios para a clase.
- Descoidar a presentación persoal con vestiario inapropiado

## **Faltas Graves**

- Copia de traballos, falsificación de probas, ..
- Facer mal uso dos chat: groserías, expresións discriminatorias, violentas,...
- Expresarse de xeito irrespectuoso.
- Manterse en desconexión durante o tempo de confinamento sen causa xustificada adecuadamente.
- Facer uso malintencionado das sesións virtuais, dos blog ou das aulas virtuais.
- Interromper as clases con condutas e expresións inapropiadas.
- Gravar e/ou difundir sesións virtuais ou parte delas sen consentimento das persoas participantes.
- Usar os medios dixitais para realizar accións que afecten á integridade dalgún membro da comunidade escolar.
- Compartir claves de accesos ou nomes de usuario/a.
- Todas as condutas contrarias á convivencia terán as consecuencias relativas ao seu grao segundo se recolle no NOFC e Plan de convivencia do centro.